

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 02/08/2021
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

[Lista de asistentes](#)

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARÍA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

[Lista de non asistentes](#)

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARÍA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/2743

Vista a proposta do Departamento de Informática, en relación coa necesidade de dispoñer dun novo teléfono móvil para o Servizo de Medio Ambiente para os Mestres Composteiros recentemente contratados, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a tramitación da alta coa Empresa Vodafone España SAU.

PRP2021/2747

Vista a proposta do Departamento de Informática, en relación coa necesidade de dispoñer dun novo teléfono móvil para o Departamento de Cultura, debido ás circunstancias derivadas da pandemia, co fin de evitar a utilización do mesmo teléfono por varias persoas.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a tramitación da alta coa Empresa Vodafone España SAU.

PRP2021/2818

Dáse conta do escrito presentado por Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas, comunicando a realización de vendas ocasionais dentro do recinto do Colexio:

- Venda de uniformes escolares, do 1 ao 15 de setembro de 2021
- Venda de libros de texto, do 1 ao 30 de setembro de 2021

Dáse conta do escrito presentado onde se xustifican tódolos extremos indicados no artigo 87 da Lei 13/2010, de Comercio Interior de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

PRP2021/2821

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 02/08/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión. Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26 de xullo de 2021, que se aprobou por unanimidade.

Vista a proposta da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar os trámites necesarios para a baixa provisional das motocicletas Piaggio con placas de matrícula 8293CYY e 2923DFB.

Acórdase así mesmo dar conta ao Servizo de Consumo a efectos de que se proceda a tramitar a baixa do contrato de seguro das citadas motocicletas.

PRP2021/2822

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ediciones Lérez SL (Diario de Arousa) para promoción turística do Concello mediante a participación na guía de turismo que publica o citado Diario en alianza coa Asociación de Prensa Regional Independiente, por un importe de 834,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22641.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/2823

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases do Concurso de creación dun monolito en recoñecemento á labor das mulleres e homes da Ría de Arousa na loita contra o narcotráfico cun premio por importe de 15.000 € que inclúe deseño e posterior execución, con cargo á partida orzamentaria 231.48100.

PRP2021/2825

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL para reparación do vehículo NISSAN CABSTAR - 5171DLH (Guindastre Municipal), por un importe total de 1.953,22 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/2826

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por José Fernández García SL para reparación do vehículo AUDI A3-2160CMP, adscrito ao citado servizo, por avaría en sistema de dirección, por un importe total de 1.134,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/2833

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2021 de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, figurando no mesmo:

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Apacos do centro ocupacional O Saiar, para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002, para desenvolvemento de actividades e actuacións encamiñadas á atención integral de persoas en situación de discapacidade no marco das actividades

promovidas dende o centro e a asociación de pais e nais, durante o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

E debendo figurar:

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, para a concesión dunha subvención, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 231.48002, para desenvolvemento de actuacións encamiñadas á prevención e sensibilización no ámbito das adicccións e drogodependencias.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

EMPREGO

PRP2021/2735

Dáse conta do escrito presentado pola Entidade Colaboradora Zona Aberta o 19 de xullo de 2021, solicitando que se ingrese o importe de 9.375 Euros, equivalentes ao 25% do total da aportación municipal, para poder afrontar os vindeiros aboamentos aos comercios.

Primeiro. A base SEXTA do convenio subscrito entre as partes, establece o seguinte:

O Concello de Vilagarcía aportará 37.500,00€ con carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo á partida orzamentaria 4311-470 do orzamento vixente.

A transferencia dos fondos levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo aprobación da sinatura do convenio pola XGL, á posta en marcha da iniciativa, e dicir o 14 de maio de 2021, procederese á transferencia de 18.750,00€, equivalentes ao 50% da cantidade total correspondente ao Concello.

2º PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes, a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederese a transferir por parte do Concello, a cantidade de 9.375,00€, equivalente ao 25% do total da aportación municipal.

3º PAGO: Xustificada pola asociación o abono aos establecementos da cantidade antedita, transferirse á conta da asociación a cantidade 9.375,00€ equivalente ao 25% restante da aportación municipal.

Segundo. Tal como indica a asociación de comerciantes no seu escrito de solicitude e como se deduce do extracto bancario que o acompaña, dende o comezo da campaña ata o 19 de xullo de 2021, a Asociación ingresou a cantidade total de 90.800€, polos conceptos que se indican:

15.220 Euros correspondentes á venda física de bonos.

56.830 Euros transferidos pola aplicación (paycomet) de venda dixital dos bonos

18.750 Euros, transferidos polo Concello de Vilagarcía o pasado 18 de xullo.

A súa vez, fixo aboamentos aos establecementos por contía total de 88.260 €, polo que á data de presentación do escrito do que se da conta, resta na conta únicamente a cantidade de 2.540 €, que resulta insuficiente para continuar realizando os abonos aos establecementos no prazo acordado.

Terceiro. No convenio subscrito entre as partes, establecíase que a primeira das transferencias por parte do Concello sería realizada na data de inicio da campaña, esto é, o 14 de maio de 2021, porén, a devandita transferencia demorouse no tempo ata a súa materialización no presente mes de xullo.

Cuarto. Tendo en conta as circunstancias seguintes:

- A demora na transferencia do primeiro aboamento por parte do Concello.

- A acreditación por parte da entidade colaboradora, da transferencia aos establecementos por contía de 88.260 €, entre os meses de maio e xullo do presente.

- O escaso remanente da conta bancaria de xestión dos aboamentos (2.540€) a todas luces insuficiente para aboar en prazo as cantidades adeudadas aos comerciantes,

Fiscalizada polo Departamento de Intervención a xustificación presentada pola Asociación colaboradora, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á transferencia de fondos correspondente, esto é, 9.375,00 €, con cargo á partida 4311.470, para que por parte da Asociación poidan continuar facendo aboamentos aos establecementos.

PRP2021/2757

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000141

SOLICITANTE: GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA

NIF/CIF: B94198934

DIRECCION: GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA

ESTABLECIMENTO: CAFETERÍA DIURNO Y BAR TAPERÍA LA ATLÁNTICA

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de OITOCENTOS EUROS (800,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2759

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000145

SOLICITANTE: CARMEN RODRIGUEZ MARIÑO

NIF/CIF: 35430465T

DIRECCION: Avenida DA MARIÑA Nº: 28 Lt: B 2º - Vilagarcia de Arousa CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: BODEGA O CASTRO

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2760

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000159

SOLICITANTE: HARBOUR AROUSA SOCIEDAD LIMITADA

NIF/CIF: B94202710

DIRECCION: Rua FARIÑA FERREÑO Nº: 6 1º - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: PUB HARBOUR

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2762

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000169

SOLICITANTE: FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ MILLAN

NIF/CIF: 76870214M

DIRECCION: Calle BUSTO Nº: 19 Lt: Esc: Pt: - ABALO- CATOIRA CP: 36612 Catoira (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: PUB DIAMON

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2765

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000156

SOLICITANTE: BEATRIZ LOZANO GOMEZ

NIF/CIF: 35470804C

DIRECCION: Rua MANUEL ANTONIO Nº: 8 2 Pt: D - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600

Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: CHICAS.COM MODA

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2766

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000127

SOLICITANTE: RAQUEL LIJO BOUZAS

NIF/CIF: 35467520W

DIRECCION: Praza DA LIBERTADE Nº: 16 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: BAR A CASTELARA

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2767

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000068

SOLICITANTE: RAQUEL NAVARRO RODRIGUEZ

NIF/CIF: 74720684D

DIRECCION: Rua DO PUMARIÑO Nº: 36 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36619 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: GARDERIA ESTRELAS AMARELAS

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2768

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000160

SOLICITANTE: HIBERNIA AROUSA SOCIEDAD LIMITADA

NIF/CIF: B94202702

DIRECCION: Calle FARIÑA FERREÑO Nº: 6 Lt: Esc: Pt: - VILAGARCÍA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: PUB HIBERNIA

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2769

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación

económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000125

SOLICITANTE: MARIA BEATRIZ RODRIGUEZ MANTECA

NIF/CIF: 35444484N

DIRECCION: Rua DA LOMBA Nº: 14 BX - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: MYB MULLER

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2770

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000256

SOLICITANTE: MODESTA DE JESUS ROSARIO

NIF/CIF: Y5780851E

DIRECCION: Rua VISTA ALEGRE Nº: 42 3 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECIMENTO: A TASCA DE JENNY

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da misma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2783

Dáse conta de que o Concello de Vilagarcía solicitou a concesión da axuda de incentivos á contratación por contía de 30.000 Euros, isto é (1.500 Euros x 20 alumnos), ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019, a cal lle foi concedida por resolución recaída no Expte do obradoiro 36/00023/20.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e, vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, acorda APROBAR A CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego, así como a súa publicación no BOPPO. O financiamento das axudas será con cargo á aplicación 2412-470 do orzamento municipal vixente.

PRP2021/2829

Dáse conta de Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Igaldade, pola que se concede unha subvención a este Concello por importe de 156.030,30 € ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021, para contratación por un período de 9 meses, a xornada parcial (75%), de 15 traballadores/as desempregados/as (Peóns), en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes de emprego, correspondendo aportar ao Concello 56.323,35 €. (Expte. TR351F2021/13-5)

Procede a contratación de 15 persoas coa categoría de peóns:

- 4 Peóns de Obras Públicas

- 7 Peóns traballadores de Conservación de Parques Urbanos, Xardíns Históricos e Botánicos

- 4 Peóns Forestais

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención concedida, contratar ás persoas indicadas e designar como membro do grupo mixto de selección en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa a Dona Iria Camba Rey, Coordinadora da Área de Servizos Sociais, e como suplente a Dona Carmen María Abalo Fernández, Traballadora Social do Servizo.

PRP2021/2834

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de

2021 relativo ao canxeo de bonos non gastados nos establecementos correspondentes á Campaña de Bonos Son da Casa 2020, figurando no mesmo:

...)

2º- Finalizado o prazo, o Concello tramitará cos xestores da plataforma VIVETIX (TONIC TIME S.L.) a emisión dos paquetes de bonos correspondentes ás solicitudes de troco recibidas, abondo, con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 4311.470, a cantidade que corresponda ao importe de ditos bonos, previa factura emitida por parte empresa xestora da aplicación.

...)

E debendo figurar:

1º- Segundo datos facilitados polos xestores da aplicación, constan 28 paquetes de bonos completos sen canxear, equivalentes á cantidade de 840 €, 2º. Tendo en conta este dato, á data de adopción do acordo de canxe pola XGL e aprobación do presente procedemento, procederase:

- Por parte dos xestores da aplicación dixital, a xerar a cantidade de 28 paquetes de bonos en formato físico ficando os mesmos depositados no departamento de Promoción Económica.

- Por parte do Concello procederase a transferir á conta da Entidade Colaboradora Zona Aberta a cantidade de 840 € correspondente ao importe de ditos paquetes de bonos, aos efectos de que a mesma poida aboar aos establecementos as compras realizadas cos bonos canxeados. Con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 4311.470

3º- O responsable da asistencia técnica da campaña a remitira aos titulares de paquetes de bonos sin gastar, unha comunicación na que se lles indicara a apertura dun prazo de 7 días naturais para que as devanditas persoas poidan solicitar o troco mediante instancia xenerica a través de rexistro de entrada ou por sede electrónica do Concello de Vilagarcía.

4º- Co resgardo de presentación da solicitude de canxe, os titulares dos bonos dirixiranse ao departamento de Promoción Económica, onde, previa verificación dos datos identificativos procederase a entregar os paquetes de bonos que corresponda.

Para o caso de que rematado o prazo de solicitude de canxe, continuara a restar novamente un remanente na partida orzamentaria, a mesma será incorporada á seguinte edición da iniciativa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2021/2835

En sesión de XGL de data 5 de xullo de 2021, adoptouse acordo relativo ao canxeo de bonos non gastados nos establecementos correspondentes á campaña de Bonos son da casa 2020.

No procedemento aprobado establece:

1º- Segundo datos facilitados polos xestores da aplicación, constan 28 paquetes de bonos completos sen canxear, equivalentes á cantidade de 840 €,

2º. Tendo en conta este dato, á data de adopción do acuerdo de canxe pola XGL e aprobación do presente procedemento, procederase:

- Por parte dos xestores da aplicación dixital, a xerar a cantidade de 28 paquetes de bonos en formato físico ficando os mesmos depositados no departamento de Promoción Económica.

- Por parte do Concello procederase a transferir á conta da Entidade Colaboradora Zona Aberta a cantidade de 840 € correspondente ao importe de ditos paquetes de bonos, aos efectos de que a mesma poida aboar aos establecementos as compras realizadas cos bonos canxeados. Con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 4311.470

3º- O responsable da asistencia técnica da campaña a remitirá aos titulares de paquetes de bonos sin gastar, unha comunicación na que se lles indicará a apertura dun prazo de 7 días naturais para que as devanditas persoas poidan solicitar o troco mediante instancia xenérica a través de rexistro de entrada ou por sede electrónica do Concello de Vilagarcía.

4º- Co resgardo de presentación da solicitude de canxe, os titulares dos bonos dirixiránse ao departamento de Promoción Económica, onde, previa verificación dos datos identificativos procederase a entregar os paquetes de bonos que corresponda.

Para o caso de que rematado o prazo de solicitude de canxe, continuara a restar novamente un remanente na partida orzamentaria, a mesma será incorporada á seguinte edición da iniciativa Rematado o prazo de canxeo dos bonos, só constan catro solicitantes dos bonos, implicando un

canxeo total de 7 paquetes de bonos, polas persoas que se identifican a continuación, o que supón unha contía de 210,00? €

Titular	NIF	Paq. canxeados	Cantidad a canxear
Otero Bouzas Luis Fernando	35463026Q	2	60 €?
Ricardo Santamaría Valle	35460197Q	2	60 ?€
Purificación del Valle Buceta	35335817C	2	60 €?
Berride García Fernán	35491372A	1	30? €
TOTAL A TRANSFERIR			210,00€

No momento en que se formulou a proposta para aprobación do procedemento descoñecíase o número de persoas que solicitarían o troco, polo que se propuxo o aboamento á entidade colaboradora do importe total correspondente aos 28 paquetes de bonos, e dicir, 840 €.

Unha vez corrixido o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2021 relativo ao procedemento de troco dos bonos, a Xunta de Goberno Local, acorda DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE TRANSFERENCIA POR CONTÍA DE 840 EUROS, APROBANDO A TRANSFERENCIA Á ENTIDADE COLABORADORA ZONA ABERTA DA CANTIDADE DE 210,00 €, con cargo á partida 4311.470.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/2830

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Santiago de compostela para a creación dunha sede de Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo, polo que o Concello se fará cargo da totalidade de gastos que orixine a apertura da Sede así como dos derivados do seu mantemento, outorgando unha subvención de 11.414,31 € para afrontar os gastos derivados de docencia, coordinación, desprazamento, axudas de custo e locomoción do profesorado e titores, así como do material didáctico (carpetas, programas, etc), con cargo á partida 320.48900.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2021/2792

Dáse conta da resolución da directora xeral de Patrimonio Natural de concesión de subvención convocada ao abeiro da Orde do 8 de abril de 2021 pola que se establecen as base reguladoras das subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas e se convocan para o exercicio orzamentario 2021 para o proxecto “ SUBMINISTRACIÓN CON INSTALACIÓN DE REIXA CON AREEIRO NOS BOMBEOS DE AUGAS RESIDUAIS PRINCIPALES DE VILAGARCÍA: VILAXOÁN, CARRIL, PRAZA 1, PRAZA 2 E COMPOSAN”

Segundo o presuposto inicial, o orzamento total subvencionable sería de 16.335 euros
IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO: 12.000 €.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- A aceptación da subvención e das condicións contidas na convocatoria.
- 2.- Dar conta da resolución ao Departamento de Intervención.
- 3.- A aprobación da achega municipal por IMPORTE APROXIMADO DE 4.335 euros, con cargo á partida 161.61900.

PRP2021/2797

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Nelmar SLU para a reparación integral da área de xogo infantil do Preguntoiro, por un importe total de 8.699,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA**PRP2021/2800**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do orzamento para a celebración das Festas de San Roque 2.021 cun importe total de 148.575,18€ (estimativo) coa seguinte desagregación e con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

CADRO DE GASTO		ARTISTA/ CONCEPTO	B.I.	%I.V.A	TOTAL IVA	TOTAL FACT.	PRAZOS
EMPRESA							
NEW PROMOCIONES CULTURALES S-94136066	LIVE S.L.	FUEL FANDANGO 13-08-201	8.900,00 €	21	1.869,00 €	10.769,00 €	Al día siguiente presentación fact. (17-08-2021)
RAYMOND WEARTHERILL Y4883742M		INNMACULATE FOOLS 14-08-2021	10.000,00 €	10	1.000,00 €	11.000,00 €	15 días a la presentación factura ES14.2080.5021.5230.4002.2168
CRASH MUSIC B-04894820	S.L.	FUNZO&BABY LOUD 15-08-2021	9.800,00 €	21	2.058,00 €	11.858,00 €	no prazo de 30 días trala recepción da factura electrónica vía FACE na conta corriente: ES03.2100.4883.4022.0017.8849
LUCÍA PÉREZ VIZCAÍNO 34268298T		LUCÍA PÉREZ	4.736,64 €	10	473,66 €	5.210,52 €	No prazo dun mes máximo da data da emisión da factura ES60.2080.0167.6630.0003.1149
PROMOCIONES MUSICALES GET IN S.L. B-20981593		ALVARO LUNA 20-08-2021	DE 10.000,00 €	21	2.100,00 €	12.100,00 €	No prazo de 30 días na conta corrente nº ES73-0049-5126-5127-1614-5628 do Banco Santander de San Sebastián, debendo a empresa remitir via email a vir@getin.es e a agi@getin.es un xustificante bancario da realización da transferencia
MANUEL DÍAZ CASAL 36005356Y		GRUPO AMÉRICA 21-08-2021	6.400,00 €	21	1.344,00 €	7.744,00 €	SEGUN LEXISLACIÓN VIXENTE
ASOCIACIÓN MUSICO CULTURAL TNT BAND G-94204070	TNT BAND	14-08-2021 (SON DA CASA)	600,00 €	EXENTO		600,00 €	
ASOC.CULT. BANDA DE CÁMARA AROUSA G-06846760	BANDA CÁMARA DE AROUSA 17-08-2021 (SON DA CASA)		1.340,00 €	EXENTO		1.340,00 €	
ASOC. CHALADURA G-94139136	CULT. ROCK	CHALADURA ROCK 17-08-2021 (SON DA CASA)	600,00 €	EXENTO		600,00 €	
RAMÓN GONZÁLEZ PLATS 35471402C		PERSEGUIDOR 18-08-2021 (SON DA CASA)	1.500,00 €	10	150,00 €	1.650,00 €	
SÁNCHEZ Y GÁLVEZ S.L. B-27793918		Wyygga 18-08-2021 (SON DA CASA)	750,00 €	21	157,50 €	907,50 €	
HÉCTOR D. GONZÁLEZ PALLASY 10805211H		CATUXA SALOM 20-08-2021 (SON DA CASA)	1983,47	21	416,53 €	2.400,00 €	
CARLOS CRESPO GÓMEZ 15373039C	LA DUENDENETA	27-08-2021	750,00 €	21	157,50 €	907,50 €	

		(SON DA CASA)					
ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL LATEXO PERCUSIÓN (G-02881738)	LATEXO PERCUSIÓN 14-08-2021	900,00 €	EXENTO		900,00 €		
ASOCIACIÓN MÚSICAL AROSA BAY G94102480	AROSA BAY (MESA VERBAS)	500,00 €	EXENTO		500,00 €		
ASOCIACIÓN PÉSDEBARRO G-94048208	XESTIÓN FOLK NO ALOBRE 22-08-2021	11.800,00 €	EXENTO		11.800,00 €		
TROULA ANIMACIÓN S.L. B-36940690	PASARRÚAS ERRANTE 28-08-2021	2.850,00 €	21	598,50 €	3.448,50 €		
GLOBAL SETUP S.L. B-94119104	PROD. TÉCNICA CONCERTOS A XUNQUEIRA 12-08 A 21-08	14.949,45 €	21	3.139,38 €	18.088,83 €		
WAKE PRODUCCIONES B-94158987	UP PROD. ARTÍSTICA CONCERTO XUNQUEIRA 13-08 A 21-08	8.552,00 €	21	1.795,92 €	10.347,92 €		
MENKEEPER NORTE S.L. B-70186937	CONTROL E VIXIANZA CONCERTOS Xunqueira 13-08 a 21-08	5.847,50 €	21	1.227,98 €	7.075,48 €		
REVENIDAS J-94117678	S.L. CONTROL E VIXIANZA MESAS DAS VERBAS E FOLK NO ALOBRE 06-08 e 22-08	1.440,00 €	21	302,40 €	1.742,40 €		
ESPECTÁCULOS EVENTOS (WOUTICK)	Y S.L. ENTRADAS (12 EVENTOS)	600,00 €	21	126,00 €	726,00 €		
MGS SEGUROS REASEGUROS S.A. A- 08171373	Y A- PÓLIZA CANCELACIÓN	4.644,24€	21	975,29€	5.619,53€		
PIROTECNIA PENIDE B-15209430	PENIDE BOMBAS	600,00 €	21	126,00 €	726,00 €		
GRUPOS PASARÚAS -A. C. OS TRASNOS – G- 94118130	PASARUAS 250,00€	5.179,00€	EXENTO		5.179,00 €		
-A.C. AIRIÑO DO CARRIL – G-94006004	268,00€						
A.C. FOL. UNIÓN PIÑEIRA – G-94007911	315,00€						
-OS TERRIBLES DE AROUSA – G36436947	391,00€						
-A.C. NÓS DE SOBRADELO TG36043933	– 391,00€						
A.G. FROALLO – G- 36198927	391,00€						
A.C. A NOSA A XUNQUEIRA-G36160430	268,00€						
A.C. BRISAS DO RIO ULLA – G36543940	300,00€						
MOCEDADE DA TORRE 83 G-36185817	391,00€						
A.C. MAR DE AROUSA – G36499127	391,00€						
AC CANTAREIRAS BULIDEIRAS.G94093598	300,00€						
-GRUPO GAITAS STA. PLACIDA G36114502	391,00€						
A.C. MALVEIRAS- G36136679	391,00€						

A.C.LUMARADA 94150414	G-	350,00€					
A.C. OS XIRIFEIROS – G- 36439792		391,00€					
CORAL STA. EULALIA G-36197721	MISA SAN ROQUE 16-08-2021	335,00 €	EXENTO		335,00 €		
COMPRA MATERIAL PARA DISTINTAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS (Obras, xardíns, electricidade)	MATERIAL	*1.500,00€			1.500,00€		
GASTOS DE PRENSA (cuñas radio, prensa escrita, etc.)	PRENSA	*8.500,00€			8.500,00€		
GASTOS SGAE	SGAE	*5.000,00€			5.000,00€		
					148.575,18€		GASTO TOTAL ESTIMATIVO

PARTIDAS ORZAMENTARIAS:

- 338.224: 5.619,53 €
- 338.22609: 77.449,02 €
- 338.22699: 2.226,00 €
- 338.22799: 54.780,63 €
- 926.22602: 8.500,00 €

PRP2021/2801

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de xuño de 2021 de aprobación dos gastos correspondente o convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Roque de Castroagudín, por un importe total de 1.798,88€. No concepto de compra de 1 BOCH AS. ESCOBA 2 ENI S/C do proveedor CASTROMÁN I o importe que consta é 100€, cando debería dicir 121,00€ (PARTIDA 334.62300) , sendo a cantidade total das compras a este proveedor igual que o indicado na proposta emitida para X.G.L. 21-06-2021, 648,51€..

ONDE DÍ:

1 BOCH AS. ESCOBA 2ENI s/c – IMPORTE 100,00€

DEBE DICIR:

1 BOCH AS. ESOBA 2 ENI s/c – IMPORTE 121,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2021/2771

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 16 de xullo de 2021 de concesión de subvención a este Concello no marco do Plan Concellos 2021 - Liña 1 - Investimentos, con destino ao financiamento do investimento "Renovación dos servizos e Humanización da Rúa Sobrán" (Expte. 2021012334), coa seguinte distribución:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Aportación Concello
2021	600.715,23	600.715,23	0,00

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/2773

